

A DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA

Obxectivo

Coñecer algúns datos sobre a riqueza lingüística e sensibilizar o alumando sobre a acelerada desaparición da diversidade lingüística e cultural.

Analizar certos mitos que existen sobre as linguas e mostrar unha visión ecolóxica da diversidade que permita ver ao alumando a necesidade de salvagardar as linguas.

Coñecer, opinar, debater sobre a lingua galega como lingua universal, sobre a súa situación actual, se é ou non unha lingua en perigo

E se é unha lingua en perigo... é a Lusofonía... posible salvación... Que é a Lusofonía?

Metodoloxía

Para comezar analizar o tema, facémoslle preguntas ao alumnado que poderán responder individual ou colectivamente.

As respostas poden ser en principio dadas sen procurar información ningunha, logo pódese consultar en manuais, internet...

Debatemos, pomos puntos en común, lemos algún artigo, vemos os mapas das linguas...

Poden realizar algún traballo de investigación sobre un tema en particular, sobre unha lingua, sobre un estado... Tamén algún mural, exposición, debate... sobre un país en particular, sobre unha lingua...

Procurar unha mesma palabra/expresións en diferentes idiomas: grazas, lingua, ola, adeus, o meu nome é... boas noites

Pode servirnos a páxina users.elite.net/runner/jennifers

1. DIVERSIDADE LINGÜÍSTICA

A presenza de linguas distintas no mundo é o que coñecemos como diversidade lingüística, que perdurou en todas as rexións do planeta e é parte elemental da historia da humanidade.

Cada lingua do mundo é única, expresa unha forma de ver o mundo. As linguas constitúen unha riqueza que non se pode avaliar, pois cada unha delas contén a memoria histórica do pobo que a fala e é parte vital da súa cultura e identidade; ademais, as linguas son expresión de culturas milenarias que sustentan a pluriculturalidade dun país e por iso forman parte esencial da identidade do país.

–Cantas linguas se falan no estado español?

–Na nosa cidade, hai diversidade lingüística?, e no noso cole?...

–Cres que todas as linguas nos “valen” igual, todas serven para todo?

–Están todas as linguas en igualdade de condicións?

–Como valoras a lingua galega?

–Cantas linguas estudias/estudiaches?

–Por que? Que vantaxes cres que ten saber moitas linguas?

–E saber galego?

–Hai algunha desvantaxe en falar galego. Pensas que é unha lingua complicada de entender para alguén que fale castelán. Imaxina que atopas a un home que che di que aínda que leva 30 anos en Galicia non entende o galego .Que lle contestarías?

<http://coristranca.blogspot.com.es/>

Podemos facer preguntas coma estas:

–Cantas linguas cres que se falan actualmente no mundo?

–A cantas linguas tocan por estado?

–Cres que hai estados onde só se fala unha lingua?

–En que país cres que se falan máis linguas?

–Cales son as linguas con máis falantes?

–Que porcentaxe das linguas do mundo ten menos dun millón de falantes nativos/as?

–Que porcentaxe de linguas se falan en Europa?

–En que estado europeo cres que se fala só unha lingua?

–En que estado europeo cres que se falan máis linguas?

–Procuramos estados nos que se falen máis dunha lingua. Que coñecemos desas linguas?. Cantas linguas se falan no estado español?

–Das máis de 6.000 linguas faladas no mundo, sabes que lugar ocupa o galego?

Podemos consultar a páxina da Unesco

<http://www.unesco.org/culture/en/endangeredlanguages/atlas>

No atlas interactivo que se nos ofrece podemos achegarnos ás linguas e á súa vitalidade.

- Hoxe en día, a maioría dos estudos falan de que no mundo hai máis de 6.000 linguas.

Se temos en conta que no mundo hai aproximadamente 198 estados, tocamos a 30 linguas por estado. Estamos a falar de que vivimos nun mundo plurilingüe onde en case todos os países conviven máis dunha lingua.

Non é doado que os expertos se poñan de acordo verbo do número de linguas pois é difícil establecer os seus límites (as linguas e os límites políticos non coinciden -fálase alemán en Dinamarca e danés en Alemaña, o galego esténdese máis aló das nosas fronteiras) , onde comeza unha e remata outra, se é lingua ou dialecto...

A maiores hai moitas linguas sobre as que apenas se ten información, probas documentais, escritas, orais..

- En Indonesia fálanse unhas 670 linguas, e tras Papúa-Nova Guinea -onde se falan 850 linguas) é o país máis diverso dende o punto de vista lingüístico.

- Islandia é o caso excepcional en Europa como estado monolingüe. En Italia fálanse 16 linguas/dialectos: albanés, catalán, corso, occitano, francés, friulano, italiano, alemán, grego, ladino, romaní, sardo, serbocroata, esloveno e veneciano.

- Segundo a última edición do libro “The Ethnologue: languages of the world”, o número de linguas faladas no mundo é de 6912. As dez primeiras linguas máis faladas no mundo e o respectivo número de persoas.

1º. Mandarín – 1051 millóns – China, Malaisia e Taiwan.

2º. Hindi – 565 millóns – India, rexións norte e central.

3º. Inglés – 545 millóns – EUA, Reino Unido, Partes da Oceanía.

4º. Español – 450 millóns – España e América.

5º. Árabe – 246 millóns – Oriente Medio, Arabia, África do Norte.

6º. Portugués – 218 millóns – Brasil, Portugal, Angola.

7º. Bengalí – 171 millóns – Bangladesh, Nordeste da India.

8º. Ruso – 145 millóns – Rusia e Asia Central.

9º. Francés – 130 millóns – Francia, Canadá, Oeste e Centro da África.

10º. Xaponés – 127 millóns– Xapón.

A lingua máis falada no mundo é o chino mandarín con mais de mil millóns de falantes.

O bengalí conta cuns 170 millóns de falantes. Fálase principalmente en Bangla Desh e tamén na India. Era a lingua do premio Nobel de Literatura Rabindranath Tagore.

O ruso conta cuns 145, o xaponés con 127 millóns...

Europa é un continente pobre en canto á diversidade lingüística, 5%. A porcentaxe de linguas que se falan en América é do 15%, o 30% en África, 32% en Asia e 20 en Oceanía.

Segundo a UNESCO o 50% das linguas actuais poderían desaparecer ao comezo do novo

século

O galego ocupa o posto 160 das linguas con maior número de falantes.

2. HAI LINGUAS EN PERIGO DE EXTINCIÓN?

Hai linguas en perigo de desaparecer?????

Investigamos e debatemos: linguas en perigo de desaparición... é o galego unha delas?

Quedamos sen ideas. Imaxina que o galego está en perigo de desaparición .Que iniciativa tomarías para que o número de falantes aumentase? Traballarías o galego en todos os eidos ou nalgún en especial?

O galego, segundo o *Atlas das linguas en perigo do mundo* elaborado pola UNESCO no ano 2001 é unha lingua ameazada; nunha nova edición presentada no ano 2009 xa non figuraba entre as 2.500 linguas en perigo. A proximidade co portugués fai que a nosa lingua sexa considerada como unha lingua con vitalidade...Hai quen propugna para que o galego estea considerado como parte da Lusofonía, O certo é que a proximidade ao portugués (á Lusofonía) ofrécenos oportunidades de entendérmonos con case 200 millóns de persoas.

Como valoras que grazas ao galego podes entenderte con 200 millóns de persoas?

- Podemos preguntarlles se saben palabras, expresións en portugués: grazas, bo día, mañá, noite, lúa... parécense?

Pero o certo é que o galego segue a perder falantes, e precisamente a perda de transmisión é un dos factores que fai etiquetar unha lingua como “lingua en perigo”.

- Fala o alumnado galego na casa? Fálalle os seus avós e avoas en galego?, e eles e elas coa nai ou o pai... Podemos traballar sobre os usos lingüísticos do alumnado: na casa, no colexio, coas compañeiras e compañeiros, co profesorado, nos xogos...

Debatemos

Vivamos como galegos! É a campaña dunha coñecida cadea de supermercados... Mais... vivimos en galego as galegas e galegos?

- Temos cine en galego?, videoxogos, revistas infantís, deportivas... Vivimos, podemos vivir en galego?



Busca os mellores regalos en galego nas seguintes páxinas web:

<http://centros.edu.xunta.es/cuntiscpi/> ou en <http://www.blogoteca.com/nalinguadetodos/>

Equipo de Normalización e Dinamización Lingüística - CPI don Aurelio de Cuntis

Proceso evitable e reversible

Coa perda destas linguas, moitas delas non escritas nin documentadas, a humanidade perde non só unha grande riqueza cultural, senón tamén coñecementos ancestrais contidos nestas linguas indíxenas.

Reflexiona Que acontece cando unha lingua se perde? Imaxina que atopas a última persoa que fala galego. Que lle dirías? Se o galego desaparecera que dez palabras salvarías?

Sen embargo, este proceso non é inevitable. A comunidade internacional está a dar pasos para que as linguas que están en perigo teñan unha protección. A ONU coa *Declaración universal dos dereitos humanos*, a Unión Europea coa *Carta das linguas rexionais ou minoritarias* legislan a prol das linguas con saúde máis feble (podemos consultalas e traballar sobre algúns dos seus principios).

Consultamos a páxina da UNESCO -www.unesco.org/culture- para sabermos un pouco máis do tema: a metodoloxía para avaliar o grao de vitalidade dunha lingua; as medidas que se están tomando para que as linguas non desaparezan, sobre cales son os perigos...

Podemos facer un mural coas linguas ameazadas por continentes, por exemplo. Cos estados onde se fala máis dunha lingua, ou con linguas que se falan en máis dun estado...

Axudámonos con este texto

Só tres persoas falan o ma tike, unha lingua dos aboríxenes australianos, e están moi vellos, e ademais a dous, irmán e irmá, unha tribu rival impídelles comunicarse entre eles... Aínda así, ao mati ke vaille mellor que a outros. Como os xa extinguidos damin e o hurón (os huróns de hoxe falan francés), unha lingua na que para dicir "eles saudaron con respecto" usábase unha soa verba: 'tehonannonronkwanniontak', que literalmente viría ser 'engraxaron o coiro cabeludo moitas veces'.

O derradeiro falante competente de ubyck -lingua das montañas do Cáucaso- morreu. O mesmo aconteceu co derradeiro falante do dálmata.

Mark Abley, escritor, poeta e editor residente en Montreal que viaxou ao redor do planeta buscando linguas en perigo de extinción, achéganos estas reflexións no seu libro Aquí se fala.

Son unhas 6.000 linguas as que aínda se escoitan no mundo e advirte de que é moi probable que a finais do século XXI, delas queden un máximo de 3.000 -e só 600 aseguradas-.

O autor considera as linguas, todas elas, un patrimonio cultural irrenunciábel. "A diversidade das linguas é o que nos fai humanos", afirma. Non considera que as linguas sexan unha barreira. "A xente, en realidade, enfróntase por outras cuestións; mire en Irlanda del Norte: ter a mesma lingua non impediu o enfrontamento".

Moitas desas linguas están condenadas a desaparecer, "quizais non totalmente, pero si como instrumentos de comunicación; é dicir, quedarán cancións ou bailes, pero non xente que as fale".



Linguas en situación crítica

Biodiversidade e linguas en perigo

Sabemos que a degradación do medio natural implicou e implica a perda de especies animais, vexetais... O cambio climático semella xa unha realidade. Pero somos conscientes de que a desaparición de linguas ten á súa vez un impacto negativo sobre a conservación da biodiversidade?

Variedades vexetais e animais propios dunha zona son denominadas polas linguas propias de quen habita eses lugares. A ciencia recoñece a importancia das taxonomías provenientes do folclore, das tradicións orais como determinantes para o éxito na recuperación de especies en perigo. O traballo en común de lingüístas e antropólogos xunto coas comunidades indíxenas é imprescindible para preservar a biodiversidade.

A etnografía galega é rica en tradicións e saberes doutrora que tamén fan vivir verbas e usos lingüísticos de antano.

Recordamos lendas, cantigas, tradicións... que nos dean a coñecer aveños, roupas, labores, animais... que hoxe non son cotiáns na nosa vida.

–Sabem algunha lenda, conto, tradición... poden preguntarlles aos pais/nais, avoas, avós... Fariamos unha escolma e mesmo poderíamos facer unha xornada para que llelas conten aos seus compañeiros e compañeiras.

O “Tesouro dos nosos avós” (Ponte nas ondas) foi un proxecto de recollida e posta en valor do patrimonio inmaterial que se atesoura na vivencia das persoas maiores. Podemos compartir este proxecto realizado por alumnado galego e do Norte de Portugal para traballar na aula.

De poder achegarse unha persoa maior (avó/avoa, veciño-a da parroquia) a compartir tempo e sabedorías co alumnado, podería ser unha actividade complementaria.


O galego está vivo pero muda. Hai palabras que xa non utilizamos que non sabemos o seu sentido, trebellos, maquinas antigas que utilizaban os teus avós -.....Preguntade como se chamaban as partes do muíño, as partes do carro, as partes da dorna, as partes do tear etc




Podemos “visitar” <http://www.galiciaencantada.com>, a enciclopedia da fantasía popular de Galicia.

TEXTOS DE APOIO

As 20 línguas máis faladas no mundo (Observatório da língua portuguesa)



As línguas europeias máis faladas (Observatório da língua portuguesa)



Teresa Moure, profesora de Lingüística

O galego, entre o 2,4% das linguas máis faladas no mundo

O galego atópase entre o 2,4% das linguas máis faladas do mundo. Supera o millón de falantes, como só 389 do total estimado de 6.633 que se poden atopar no planeta. Fronte á moi asumida idea da homoxeneidade que os estados europeos propagaron, a diversidade lingüística é a realidade. En Estados Unidos fálanse 176 idiomas, en Brasil 181, en Suíza 12, -non só catro-, no Reino Unido 16...

E conservar esta pluralidade é unha cuestión ética, de xustiza. Un xeito de garantir a continuidade das diferentes cosmovisións. E, no caso de Galicia, de restituír os seus dereitos non só ás persoas que falan galego, senón tamén **ás que falan castelán e non son conscientes de que lles roubaron un idioma**. Así reflexiona a escritora e profesora Teresa Moure en 'Ecolingüística. Entre a ciencia e a ética', o seu último ensaio.

Se 'A intervención' foi a novela que veu despois de 'O natural é político', 'Ecolingüística' sitúase nesa mesma senda do ecoloxismo, tamén presente en 'Herba Moura' ou 'A casa dos lucarios'. A inquietude da autora pola diversidade céntrase no eido lingüístico neste novo libro. E a redución desa variedade, da diferenza, -apunta-, debido á morte de linguas, **supón tamén a perda de formas distintas de ver o mundo**.

A lingüística, saber eurocéntrico, contribuíu a espallar moitos mitos sobre a linguaxe -explica Moure nesta obra-. Pois esta ciencia popularizou a idea da linguaxe como sistema de comunicación a costa doutros significados, como o que apunta ós mecanismos de poder. 'Ecolingüística' sitúase, -salientou a autora na presentación do libro no Festigal- na "corrente de resistencia ó poder establecido" que, en forma de publicacións, xurdiu nos últimos meses.

Pois, -asegurou-, o tan **brutal impacto do "imperialismo e a colonización" no ritmo de desaparición da biodiversidade ten o seu correlato no ámbito cultural e lingüístico**. A globalización neoliberal, -sinalou no acto de presentación a escritora Marga do Val-, converte "unhas linguas en Deuses" e outras en "seres inexistentes".

Se fose certo -subliña Teresa-, que as linguas son importantes en razón do seu número de falantes, moitas persoas ávidas de viaxaren estarían estudando xa non só chinés mandarín, senón linguas que non somos capaces nin de situar no mapa como **o xavanés -con 84,6 millóns de falantes**, xusto por debaixo dos 90 do alemán, e moi por enriba dos 67 do francés ou dos 61 do italiano-.

(artigo publicado en *El Mundo*, 2 de agosto de 2011)

As linguas de Europa

É difícil dicir cantas linguas se falan no mundo. Esta afirmación a miúdo sorprende aos que non se dedican á lingüística, pero é ben certa. Naturalmente, en Europa pásanos o mesmo e non é estraño.

No continente europeo hai linguas que case se deixaran de falar e que ultimamente se volveron falar (como por exemplo o [tártaro de Crimea](#), falado por un pobo que sufriu a deportación). Linguas que chegan coas persoas que as empregan (como por exemplo o chinés). Linguas que, por vontade das sociedades que as convierten nun elemento de identificación e cohesión social, nacen a partir doutras que xa existían (como por exemplo o [luxemburgués](#), orixinariamente unha variedade local do [alemán](#)), e linguas que queren resucitar (como por exemplo o [córnico](#)). Tamén hai, desafortunadamente, linguas que se esvaen (como por exemplo o [aragonés](#)). Así pois, é difícil establecer cantas linguas se falan en Europa.

De todos os xeitos, pódese considerar que o número de [linguas faladas no continente europeo](#), do océano Atlántico ata a serra dos Urais —pero sen a do Cáucaso—, está arredor das setenta, sen contar as diversas linguas de signos das diferentes comunidades de persoas xordas nin todas as linguas que os novos europeos vidos de arredor do mundo empregan cotidianamente.

A maioría desta setentena de linguas pertence á familia indoeuropea, o que significa que teñen unha orixe común e que, polo tanto, se semellan, a pesar de que estas semellanzas —por exemplo, entre o [italiano](#) e o [sueco](#)— moi a miúdo só as poden detectar os especialistas porque non son nada evidentes a simple vista. Tamén hai en Europa linguas das familias uraliana (como por exemplo o finés, o estonio, o sami ou o húngaro) e altaica (como por exemplo o turco ou o tártaro) e, aínda, unha lingua da familia afroasiática, o [maltés](#), emparentado co árabe, e unha lingua sen familia coñecida: o [vasco](#).

En Europa son indoeuropeas as linguas bálticas (o letón ou o lituano), as célticas (como por exemplo o gaélico irlandés, o galés ou o bretón), as eslavas (como por exemplo o ruso, o polonés, o sórabe ou o macedonio), as xermánicas (como por exemplo o inglés, o alemán, o frisón ou o islandés) e as románicas (como por exemplo o catalán, o romanés, o castelán ou o occitano), e tamén o [grego](#), o [albanés](#) e o [romaní](#), a lingua indoiránica que falan tantos xitanos europeos.

As linguas europeas emprestaron ao longo da historia verbas unhas das outras —e tamén de linguas doutros continentes, por suposto—, nunha interrelación fecunda. Así, só a modo de exemplo, o [turco](#) deu a un gran número de linguas europeas palabras como por exemplo haviar (‘caviar’) e yoghurt (‘iogur’). A verba sauna, existente en moitas linguas, provén do [finés](#).










O desafío principal que as sociedades europeas deben afrontar hoxe en día é o de continuar mantendo a diversidade lingüística que, sen contradición cunha notable unidade cultural, sempre desenvolveron, xunto coas linguas da inmigración, tan importante actualmente. Iso significa atopar fórmulas de comunicación supranacional que non favorezan a hexemonía de ningunha lingua e tamén dar vida a todas as linguas do continente que, por razóns económicas ou políticas, se atopan nunha situación de debilidade tal que ameaza a súa mesma supervivencia.




Lusofonia é o conjunto de identidades culturais existentes em países, regiões, estados ou cidades falantes da língua portuguesa como Angola, Brasil, Cabo Verde, Guiné-Bissau, Macau, Moçambique, Portugal, São Tomé e Príncipe, Timor-Leste e por diversas pessoas e comunidades em todo o mundo

Lista de países onde o português é língua oficial

Países Lusófonos

País	População	% total de falantes
-	243 350 318	100%
 <u>Brasil</u>	192 376 773	78,58%
 <u>Moçambique</u>	21 397 000	8,85%
 <u>Angola</u>	15 941 000	6,59%
 <u>Portugal</u>	10 848 692	4,48%
 <u>Guiné-Bissau</u>	1 586 000	0,66%
 <u>Timor-Leste</u>	947 000	0,39%
 <u>Guiné Equatorial*</u>	6 76 000	0,28%
 <u>Cabo Verde</u>	420 979	0,17%
 <u>São Tomé e Príncipe</u>	157 000	0,06%

País	População	% total de falantes
-	243 350 318	100%
 <u>Macau*</u>	538 000	

*Ollo Macau non é un estado e Guinea Equatorial non ten os falantes de portugueses que aparece na poboación. Non foi aceptada nas estados de linguas lusófonas CPLP porque consideraron que o goberno de Guinea deu oficialidade o portugués só por motivos económicos xa que se fala só marxinalmente en Anobon.

*Pode ser un valor para a defensa do galego o interese que ten o goberno da Guinea Equatorial de facelo oficial

Por [Fernando Rebouças](#)

A [língua portuguesa](#) é falada por Angola, Brasil, [Cabo Verde](#), [Guiné-Bissau](#), Macau, Moçambique, Portugal, [São Tomé e Príncipe](#), Timor-Leste e outras comunidades, como por exemplo, as presentes em Goa, na Índia; e em [Guiné Equatorial](#)

Países lusófonos da África possuem variações próprias da língua, mas expõem uma proximidade linguística maior com o estilo de falar lusitano, ou seja, de Portugal. Em sua história, a língua portuguesa começou a se espalhar pelo mundo por meio das conquistas de navegadores portugueses, inicialmente investida nos arquipélagos da Madeira e Açores, conquistas que se fortaleceram com o Descobrimento do Brasil, de explorações das costas da África (que definiria os atuais territórios de Angola e Moçambique), e na Ásia, incluindo as regiões de Goa, Malaca e Timor.

Depois de um processo de colonização, exploração, crescimento e independência política, processos ocorridos em diferentes fases de tempo nos países colonizados por Portugal, a língua portuguesa ficou como uma das principais heranças culturais compartilhadas entre a antiga metrópole e as novas nações libertas.

Fontes:

<http://www.portugal.gov.pt/pt/GC17/Portugal/Lusofonia/Pages/default.aspx>

<http://pt.wikipedia.org/wiki/Lusofonia>